

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24 DE ABRIL DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00019692P.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta da sesión ordinaria de data 17 de abril de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00026849Q.

Licenza para o parcelamento da parcela sita na rúa Castelos,15.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 09/02/2023 outorgada ante notario co número de protocolo 312. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 27/05/2022 e documentación presentada o 27/03/2023, o parcelamento da parcela sita na rúa Castelos,15, Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado:

- PARCELA RESULTADO 207 A. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva (sup 867,00m2s) e Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección, Ordenanza 16. De protección Agropecuaria (Sup 1.556m2s). Superficie Neta 2.423,00m2s.
- PARCELA RESULTADO 207 B. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 867,00m2s.
- CESIÓN 207m2s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00043475J.

Licenza de obras de reforma para legalización da reestructuración parcial da planta baixa da edificación situada na rúa Preguntoiro, 11.

Acórdase conceder licenza de obras de reforma para legalización da reestructuración parcial da planta baixa de edificación situada na RUA PREGUNTOIRO, 11, segundo Proxecto técnico con data de rexistro de 11/08/2022 e anexo de 23/12/2022, cun orzamento de execución material de 820 €.

As actuacións consistirán na consolidación parcial do primeiro tramo do forxado de planta baixa (nun fondo medio de 0,50 m e unha superficie de 4,53 m2).

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza do recinto intramuros do Plan Especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/743/2018.

Licenza para a construción de vivenda unifamiliar na rúa Virxe de Fátima, 26.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 14/10/2022 e documentación técnica visada o 26/03/2021 e do 22/03/2023, a execución de vivenda familiar na rúa da Virxe de Fátima, 26 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 125.019,74 €.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00051078A.

Licenza para a rehabilitación de cuberta e fachadas do edificio sito na rúa dos Xasmíns, 5.

Acórdase conceder á Comunidade de Propietarios Xasmíns, 5 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico presentado o 14/11/2022, cun orzamento de execución material de 77.844,63 euros, a rehabilitación de cuberta e fachadas do edificio sito na rúa dos Xasmíns, 5 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00050881J.

Intalación de ascensor en edificio de vivenda na Avda. Quiroga Palacios, 63.

Acórdase conceder á Comunidade de propietarios Quiroga Palacios 63 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico de data de visado do 09/01/2022, cun orzamento de execución material de 104.538,17 €, a instalación dun ascensor no edificio de vivendas sito na Avda Quiroga Palacios, 63 Santiago de Compostela (A Coruña).

7. PATRIMONIO. Referencia: 2023/00013936W.

Desestimación da solicitude de 14.3.23, de AFC NORTE SLU, relativa ao alleamento das parcelas BB2 e BB5 do SUNP-11 (Castiñeirío).

Acórdase desestimar íntegramente a solicitude de 14/03/23 en relación co alleamento das parcelas BB2 e BB5 do SUNP-11.

8. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: F/2023/1079.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda coa empresa “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L., en concepto de servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de febrero de 2023 (F2023/1079 por importe de 11.797,50 euros).

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca correspondente ao mes de febreiro de 2023, por importe de 11.797,50 euros.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de once mil setecentos noventa e sete euros con cincuenta céntimos(11.797,50) a favor de “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, imputándose á aplicación orzamentaria 2022/020/16400/2270000. do orzamento vixente.
3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

9. UNIDADE DE RÉXIME INTERIOR. Referencia: Informe fiscalización Intervención 386/2023.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da facturación emitida por Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S.C. (TAE LPO) en concepto de servizo de radiocomunicacións trunking correspondente aos meses de xaneiro e febreiro de 2023.

Acórdase:

- Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
- Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de TRES MIL DOUSCENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON SEIS CÉNTIMOS DE EURO (3.276,06 €),

segundo relación contable relativa ás facturas F/2023/627 (1638,03 €) e F/2023/1144 (1638,03 €) expedidas por Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S.C. (TAE LPO) - por importe total de 3.276,06 €, en concepto de servizo de radiocomunicacións trunking correspondente aos meses de xaneiro e febreiro de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

10. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Referencia: Solitium Ref. 372/2023.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación de facturas S/2023/36, expedidas por SOLITIUM por importe de 985,35 euros, que comeza pola número F/2023/781 por importe de 160,64 euros e finaliza pola número F/2023/816 por importe de 321,28 euros, en concepto de varios servizos de mantemento de copiadoras correspondentes ao mes de xaneiro de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVECIENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (985,35 €) que comeza pola factura F/2023/781 por importe de 160,64 euros e remata pola factura número F/2023/816 por importe de 321,28 euros, todas elas en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais correspondentes ao mes de xaneiro de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00044712N.

Adxudicación do servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela á empresa FUNERARIA TANATORIO APOSTOL SANTIAGO SL.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto, o "Servizo de conservación e mantemento do cemiterio de Santiago de Compostela" á empresa FUNERARIA TANATORIO APOSTOL SANTIAGO SL, por un importe total de **311.454,00 euros** (Base imponible: 257.400,00 euros, IVE do 21%: 54.054 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo compromete como melloras:

- ☑ Asunción dos gastos de 10 inhumacións por beneficiencia.
- ☑ Subministración e plantación de flor de tempada en zonas axardinadas en outono e verán e arranxos florais na capela durante todo o ano por valor de 1.000 euros/ano
- ☑ Rebaixa dun 10% sobre o prezo de construción de sepulturas baixo terra fixado no prego.

Segundo: Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 020 16400 2270000, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios.

Anualidade 2023: 103.818,00 euros

Anualidade 2024: 155.727,00 euros

Anualidade 2025: 51.909,00 euros

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00011798F.

Adxudicación do contrato que ten por obxecto, a prestación do Servizo de mantemento das instalacións térmicas dos edificios e locais municipais.

Acórdase:

- Adxudicar o contrato que ten por obxecto, a prestación do *Servizo de mantemento das instalacións térmicas dos edificios e locais municipais* á empresa SACYR FACILITIES SA, por un importe total de **217.613,15 €** (Base imponible: 179.845,58 €, IVE do 21%: 37.767,57 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Reaxustar e comprometer o gasto de 217.613,15 € que se financiará con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias, 030 34200 2130001, 030 33403 2130001 CX, 030 32300 2130001 e

030 92000 2130003; reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Ano 2023 / 5 meses: 45.336,07 €

Ano 2024 /12 meses: 108.806,58 €

Ano 2025/ 7 meses: 63.470,50 €

TOTAL: 217.613,15 €

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00015061T.

Aprobación do expediente de contratación Obras de execución do proxecto "Centro Integral Para la Inclusión Social" (CIPIS), cun orzamento base de licitación de 835.142,00 €.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do *"Centro Integral Para la Inclusión Social" (CIPIS) Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España, 2014-2020*, cun orzamento base de licitación de **835.142,00 €** (base impositiva de 690.200,00 € máis IVE do 21% de 144.942,00 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 835.142,00 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 030 23100 6320000 (Código de proxecto: 2017 3 EDUSI 3).

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00048032Q.

Devolución das fianzas definitivas constituídas, para responder do contrato de "Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela".

CON/6/2016

Acórdase:

Primeiro. Autorizar a devolución da fianza definitiva, constituída pola empresa, GEROSALUD, S.L., por importe de 2.545 €, para responder do contrato de "Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela" . CON/6/2016.

Segundo.- Autorizar a cancelación do aval constituído pola empresa, GEROSALUD, S.L., en concepto de fianza complementaria por importe de 2.545 € para responder do contrato de "Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela" . CON/6/2016..

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00021385F.

Autorización da devolución da fianza para responder do contrato de "Subministración dun vehículo autoescaleira para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela" . CON/72/2020.

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, GLOBAL PROJECTS & SUPPLIES, S.L., por importe de 7.197,50 euros para responder do contrato de "Subministración dun vehículo autoescaleira para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela" . CON/72/2020.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00052004J.

Autorización da incautación do aval por importe de 600.000 pesetas (3.606,07 euros), a nome de Ingeniería del Atlántico SA "IDASA", en concepto de "Redacción del Plan General de Ordenación Urbana de Santiago de Compostela", con número de inscrición no rexistro especial de avais 0101800273 de data 3 de xullo de 1980, sendo o garante o Banco Pastor.

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a incautación do aval por importe de 600.000 pesetas (3.606,07 euros) a nome de Ingeniería del Atlántico SA "IDASA", en concepto de *"Redacción del Plan General de Ordenación Urbana de Santiago de Compostela"*, con número de inscrición no rexistro especiais de avais 0101800273 de data 3 de xullo de 1980, sendo o garante o Banco Pastor.

Segundo.- Notificar á Tesourería municipal para que proceda á incautación do citado aval.
Terceiro.- Notificarlle este acordo ao Banco Santander garante do aval número 0049 6099 822 2110003250 para o seu coñecemento e efectos.
Cuarto.- Notificarlle o acordo á empresa EPTISA, SERVICIOS DE INGENIERIA SL, para o seu coñecemento e efectos.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00038019N.

Imposición de penalidade por incumprimento grave da execución do contrato á empresa adxudicataria da prestación de “Servizos para prestación integral do servizo de axuda no fogar no termo municipal de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro: Impoñerlle a SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, SL, unha penalidade de 6.000 euros por incumprimento grave da execución do contrato de “*Servizos para prestación integral do servizo de axuda no fogar no termo municipal de Santiago de Compostela*” polos motivos que se indican nos antecedentes deste acordo:

“Estase a producir un cumprimento defectuoso grave na execución do contrato de conformidade co establecido na cláusula 25 do PCAP (apartado b - incumprimentos graves) de aí que se ratifique na súa proposta de impoñerlle unha penalidade por importe de SEIS MIL EUROS ao contratista”.

Na cláusula 25 do PCAP establécese:

“25. CUMPRIMENTO DEFECTUOSO OU INCUMPRIMENTO DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO Cando a empresa contratista, por causas imputables a ela, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor penalidades, segundo a tipificación das infraccións.

No apartado b) establécese. O incumprimento das condicións de execución establecidas neste prego, na oferta da empresa adxudicataria, nas ordenanzas municipais e na demais normativa aplicable, salvo teña carácter de moi grave segundo o previsto no apartado anterior.

A penalidade farase efectiva mediante dedución das cantidades que deban abonarse ao contratista no primeiro pago que se lle efectúe.

Segundo: Notificar este acordo a SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, SL, así como aos Servizos Económicos (Intervención Municipal e a Oficina Orzamentaria e Contabilidade).

18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00002936W.

Prorroga do contrato de “Servizo de mantemento avanzado da aplicación de xestión contable e orzamentaria SICALWIN (Aytos Soluciones Informáticas) do Concello de Santiago de Compostela”, adxudicado a AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS, S.L.U.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de “Servizo de mantemento avanzado da aplicación de xestión contable e orzamentaria SICALWIN (Aytos Soluciones Informáticas) do Concello de Santiago de Compostela”, adxudicado a AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS, S.L.U, **polo prazo de UN ANO, a contar dende o 12 de maio de 2023 ata o 11 de maio de 2024.**

Segundo.- Reaxustar e comprometer o gasto necesario que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92001 2279901 co desglose por anualidades para o 2023 no que existe crédito adecuado e suficiente, e para o 2024 no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, segundo se deriva dos documentos contables RC que se xuntan ao expediente.

- Anualidade 2023 (12/05/2023 ata 31/12/2023): **16.070,78 €**

- Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 11/05/2024): **9.304,13 €**

19. DEPORTES. Referencia: 3551/2023.

Prórroga do contrato coa sociedade mixta “Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L.”.

Acórdase prorrogar o actual contrato coa sociedade mixta Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L., ata o 19 de maio de 2024, facendo coincidir a finalización desta prórroga coa acordada por unanimidade e de forma expresa no Consello de Administración do Consorcio da

Cidade de Santiago respecto da encomenda da xestión ao Concello de Santiago do complexo deportivo "Multiusos Fontes do Sar".

PUNTO 11.- PRÓRROGA DE ENCOMENDA DE XESTIÓN DO MULTIUSOS FONTES DO SAR

Na actualidade, o convenio de encomenda de xestión está prorrogado até o 19 de maio de 2023. Se non media preaviso por parte do Consorcio nin do Concello de Santiago antes do 19 de febreiro de 2023 entenderíase tácitamente prorrogado até o 19 de maio de 2024.

20. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/55/2022.

Aprobación do proxecto básico e de execución de reforma da Praza de Abastos.

APRÓBASE o proxecto básico e de execución de reforma da Praza de Abastos con data de 20/04/2023 coas seguintes condicións:

ORZAMENTO ESTIMADO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 360.240,66 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 428.686,39 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. **518.710,53 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO

Co fin de permitir a continuidade do funcionamento do Mercado de Abastos, estímase un prazo de execución do proxecto de **26 semanas** sen prexuízo de posibles limitacións á dispoñibilidade física e/o temporal do ámbito de actuación que puidesen conlevar a necesidade de establecer fases de obra que supuxesen na práctica unha ampliación do prazo inicialmente estimado.

21. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2022/00042216L.

Autorización ao arquitecto municipal para a extensión formal da acta de recepción definitiva das obras de reforzo de estruturas na rúa Concheiros, 10,12,16 e 18.

Autorízase ao arquitecto municipal D. D. B. A. para proceder á extensión formal da acta de recepción definitiva das obras de reforzo de estruturas na rúa Concheiros 10, 12, 16 e 18 adxudicadas á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL cun orzamento de adxudicación de 92.565,00 € (21% IVE engadido) asinando o contrato de obras o 11/11/2022.

22. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00004182R.

Aprobación da proposta de concesión do Premio Exeria de proxectos de creación literaria. Ano 2023.

Acórdase:

1. Conceder o Premio Exeria de proxectos de creación literaria a José Luís Baños de Cos á vista da acta do xurado celebrada o 17 de abril de 2023.
2. Recoñecer a obriga económica que se deriva da concesión e que de acordó coas bases é de 3.00 euros (menos 19% IRPF -570 euros, cun total líquido a percibir de 2.430 euros).
3. Proceder ao pago do importe total do premio previsto nas bases da convocatoria.

23. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00011291W.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre a Corporación Hijos de Rivera SL e o Concello de Santiago de Compostela para as festas 2023-2026

Acórdase:

☑ Que se proceda á aprobación do texto do convenio entre a empresa Corporación Hijos de Rivera S. L. e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas de Santiago de Compostela nos anos 2023 a 2026.

Para formalizar esta colaboración prepárase convenio no que se recollen os seguintes aspectos:

☑ O seu obxecto é establecer a relación entre a empresa e o Concello de Santiago de Compostela para colaborar coas festas de Santiago de Compostela.

☑ Corporación Hijos de Rivera S. L. aporta como colaboración no programa citado as seguintes cantidades distribuídas anualmente, que serán ingresadas a favor do Concello de Santiago:

- VINTE MIL EUROS (20.000.-€ para el año 2023)
- VINTE MIL EUROS (20.000.-€ para el año 2024)

- VINTE MIL EUROS (20.000.-€ para el año 2025)
 - VINTE MIL EUROS (20.000.-€ para el año 2026)
 - ☑ O Concello incluíra o logotipo e o anagrama da empresa nos programas das festas, así como nos carteis e mupis distribuídos pola cidade, páxina web e redes sociais.
 - ☑ O Concello permitirá a colocación de elementos publicitarios da corporación nos concertos das festas .
 - ☑ A vixencia do convenio sera até o 31 de decembro de 2026 e non será prorrogable, sen que o Concello e a empresa asuman ningún outro compromiso máis que os recollidos no convenio.
 - ☑ A Corporación Hijos de Rivera S. L. realizará os ingresos, mediante transferencia bancaria, a favor do Concello de Santiago.
- O Concello de Santiago non contrae ningún tipo de obriga económica nin gasto adicional como consecuencia da sinatura do convenio proposto.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00012132L.

Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 545/2020 CA1.

Dase conta da Sentenza 14/2023, do 29.03.2023, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. Procedemento: PA 545/2020
Demandante: F. GÓMEZ Y CÍA, S.L.

Obxecto: Solicitude de reintegro de 7.907,43 euros abonada pola demandante a ADIF por concepto de canon pola ocupación de infraestruturas ferroviarias durante o ano 2005 pola “Construción de Aparcadoiro Disuasorio en Pontepedriña”, en virtude do convenio data do 17.12.2014 asinado entre o Concello e a Axencia Galega de Infraestruturas.

A resolución rexeita a alegación de inadmisibilidade por falta de lexitimación feita na contestación e estima a demanda ao entender que correspondía ao Concello o aboamento dos permisos, licenzas e custos orixinados pola actuación obxecto do convenio, polo que non correspondía á demandante asumir estes custos.

A sentenza é firme ao non ser susceptible de recurso.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Dirección de Área de Urbanismo (Sección de Xestión Urbanística) para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00019218V.

Dación de conta de sentenza recaída no procedemento Po 326/2021 CA2.

Dase conta da Sentenza 66/2023, do 14.04.2023, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 de Santiago de Compostela. Procedemento: PO 326/2021

Obxecto: Resolución nº 2021/6169, do 6.07.2021, da Concelleira Delegada de Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local pola que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 200.000 euros interposta contra este Concello polos danos acaecidos como consecuencia dunha caída na rúa República Arxentina. Na vía xudicial reclámanse 44.527,99 euros.

A sentenza estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo ao considerar acreditada a relación de causalidade entre a caída e o estado deficiente da beirarrúa, e apreciar unha quebra na confianza na deambulación en prexuízo do demandante. Respecto da valoración dos danos, asume os criterios dos informes periciais médicos, esencialmente coincidentes, e non estima totalmente acreditado o prexuízo estético reclamado e tampouco considera que concorra a perda da calidade de vida até o punto de que exista unha incapacidade permanente total, polo que a indemnización que recoñece a xulgadora queda limitada a 23.699,61 máis o interese legal do diñeiro dende a data da reclamación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de apelación
3. Remitir á Vicesecretaría (Secretaría da Administración Municipal) para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito

previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00019187D.

Dación de conta de sentenzas recaídas nos procedementos PO 403/2021 ca1 e AP 4320/2022 TSX.

Dase conta das sentenzas nº 36/2023, do 27.01.2023, da Sala do Contencioso-administrativo do TSX de Galicia (Sección 2ª), e da sentenza nº 212/2022, do 30.05.2022, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. Procedemento: PO 403/2021; AP 4320/2022

Demandado: XUNTA DE GALICIA (AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA)

Codemandado: CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Obxecto: Desestimación presunta do recurso dealzada interposto contra a resolución do 20.04.2021 ditada pola Xefa da Área Provincial da Coruña da Axencia de Turismo de Galicia pola que se acorda a suspensión do prazo de resolución da inscrición da vivenda de uso turístico situada na rúa do Vilar nº 61, 1º, no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (REAT), por petición dun informe ao Concello de Santiago relativo ás sentenzas recaídas nos procedementos xurisdiccionais de impugnación

A sentenza de instancia, confirmada en apelación, desestima integramente o recurso contencioso-administrativo ao entender que o transcurso do prazo de 15 días ao que fan referencia os artigos 30 e 33 do Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos e vivendas turísticas «...no *legítima sin más la continuidad de dicha actividad si, como es el caso, se demuestra que la misma resulta contraria a la normativa urbanística vigente, siendo ese el motivo por el que el recurso ha de ser desestimado en la medida en que, de acceder al mismo, estaríamos de hecho autorizando el desarrollo de una actividad para la que nunca se hubiere obtenido la preceptiva licencia municipal. En efecto, el artículo 150.4 del Plan Especial (PE-1) que rige la ordenación urbanística de la zona histórica, establece que:*

“Establécese como uso permitido global, no ámbito da presente ordenanza, o de vivenda”, y añade: “Considérase incompatible a utilización da vivenda para a actividade turística...”»

Este criterio resulta confirmado pola Sala do TSX, que engade, en síntese os seguintes argumentos_

- A Axencia de Turismo de Galicia debe comprobar que o destino da vivenda como VUT non está prohibido pola ordenación urbanística, sen que a apelante desvirtuara o carácter preceptivo do informe solicitado ao Concello, a efectos do artigo 22.1.d) da LPAC.

O transcurso do prazo de tres meses non pode ter efecto de silencio estimatorio en aplicación do artigo 150.4 do PE-1, interpretado á luz da STSX do 8.04.2022 (rec. 4029/2022).

A firmeza da sentenza de apelación foi declarada mediante dilixencia de ordenación do 4.04.2023, sendo, por tanto, firme tamén a de instancia. Non procede a interposición de recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento das resolucións xudiciais
2. Remitir á Dirección de Área de Urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00018868N.

Dación de conta de sentenza recaída no procedemento PA 520/2020 CA1

Dase conta da Sentenza nº 16/2023 do 29.03.2023. Procedemento: PA 520/2020 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1

Obxecto: Contra resolución que desestima recurso de reposición fronte a resolución do Reitor da USC

Contía inicialmente solicitada: 6.531,06 euros

A sentenza é parcialmente favorable ao concello pois estima parcialmente a demanda e recoñece á solicitante unicamente o dereito ao aboamento de 2.115,74 euros-*no canto dos 6.531,06 euros inicialmente solicitados*- xunto cos intereses legais dende a data da reclamación, ao entender que existiu concorrencia de culpas.

Contra dita sentenza non cabe recurso ningún. Non se fai imposición de custas.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo, nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza

28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00019026D.

Dación de conta de sentenza e providencia recaídas no procedemento PO 7071/2021 RCA 3305/2022.

Dase conta da sentenzs da Sala do Contencioso-administrativo do TSX de Galicia, Sección 3ª, nº 19/2022, do 21.01.2022 e da Providencia de inadmisión de casación da Sala Terceira do TS, do 16.03.2023. Procedemento: PO 7071/2021; RCA 3305/2022.

Demandante: BALIDEA CONSULTING & PROGRAMING, S.L.

Codemandada: KAPSCH TRAFICCOM TRANSPORTATION, S.A.U.

Obxecto: Resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Tacgal) nº 8/2021, do 15 de xaneiro de 2021, pola que se desestima o recurso especial en materia de contratación interposto pola entidade BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING, S.L., cotra o acordo da XGL do 30.11.2020, polo que se adxudica á entidade KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION, S.A., o contrato de servizos para o desenvolvemento dun sistema de control e predición de aspectos críticos da mobilidade no centro e no casco histórico de Santiago de Compostela (CON/35/2020)

A sentenza é favorable aos intereses municipais ao desestimar na súa integridade o recurso contencioso-administrativo interposto por BALIDEA CONSULTING & PROGRAMING, S.L.

A sentenza do TSX é firme e non é susceptible de recurso.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Contratación para os efectos procedentes.

29. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00019099J.

Dación de conta de sentenzas recaídas no PO 345/2020 CA1 e AP 4328/2022 TSX.

Dase conta das Sentenzas da Sala do Contencioso-administrativo do TSX de Galicia (Sección 1ª) nº 24/2023, do 23.01.2023; e da do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Santiago de Compostela nº 247/2022, do 21.06.2022. Procedemento: PO 345/2020; AP 4328/2022

Codemandado: ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE PONTEPEDRIÑA DE ARRIVA E SAN XOÁN DE AFORA

Obxecto: Decreto da Alcaldía de 16.07.2020, polo que se pon fin ao expediente de investigación, declarándose como dominio público tanto o denominado camiño de Casal de Horta, como os elementos relacionados (fonte do inicio e lavadoiro do final), coa configuración reflectida no plano do Arquitecto Xefe do Servizo de Planeamento.

A sentenza da instancia, que resulta confirmada en apelación, desestima na súa integridade o recurso contencioso-administrativo ao declarar conforme a dereito a resolución do expediente de investigación. Pola súa banda, na sentenza de apelación a Sala límitase a reproducir ás argumentacións da sentenza de instancia.

Ambas sentenzas son firmes. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Urbanismo (Sección de Patrimonio) para os efectos oportunos.

30. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00018774X.

Dación de conta de resolución xudicial recaída no procedemento PO 43/2022 SOCIAL 4.

Dase conta do Decreto nº 59/2023 do 15.03.2023. Procedemento: PO 43/2022 do Xulgado Social nº 4

Obxecto: Reclamación de incentivo de xubilación

O Xulgado ten por desistido ao demandante e ordea o sobreseemento e arquivo das actuacións.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de persoal para os efectos do seu coñecemento.

31. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00041271V.

Dar conta da sentenza da Audiencia Provincial, recaída no procedemento RPL 515/2022, derivado do PO 655/2020 1ª Instancia 1.

Dase conta da Sentenza Audiencia Provincial nº 6 (Desplaz) A Coruña. Procedemento: Rollo Apelación civil 515/2022 (PO 655/2020 X 1ª Instancia 1)

Obxecto: Contra sentenza do Xulgado 1ª Instancia 1 do 29.07.2022.

A sentenza é favorable ao concello, pois limítase a estimar parcialmente o recurso de apelación interposto e a revogar parcialmente a sentenza de data 29 de xullo de 2022, do xulgado de primeira instancia núm. 1 no único sentido de cualificar a estimación da demanda como parcial.

Contra dita sentenza cabe recurso de casación para o caso de que se acredite interese casacional.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de Urbanismo para os efectos do seu coñecemento.

32. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00018866X.

Dacion de conta de sentenza recaída no PA 191/2020 ca1

Dase conta da Sentenza nº 019/2023. PA 191/2020 CA1

Obxecto: orde de retirada de lona publicitaria no inmovible de Lavacolla 40.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A sentenza ten por obxecto a orde municipal de retirada dunha lona publicitaria colocada na parede lateral dun inmovible catalogado, sobre o que os mesmos recorrentes tiñan solicitado licenza de derruba, denegada e confirmada en instancia e apelación.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para a súa execución.

33. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00018776N.

Dar conta do Auto recaído no PA 439/2021 CA2.

Dase conta da Resolución: Auto nº 27 do 12.04.2023. Procedemento: PA 439/2021 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2

Demandante: TRENTA SERVICIOS E INVERSIONES S.L.

Obxecto: Desestimación por silencio de recurso interposto contra embargo ditado no expediente 2009/575

O Xulgado declara rematado o procedemento polo recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da recorrente e ordea o arquivo das actuacións.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de Recadación para os efectos do seu coñecemento.

34. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00019233D.

Dación de conta de auto recaído no procedemento JVB 773/2022 1ª Instancia 5

Dase conta da Resolución: Auto nº 89/2023 do 23.03. 2023

Procedemento: JVB 773/2022-4 do Xulgado de 1ª instancia 5

Demandante: Agrupación Mutua Aseguradora

Obxecto: Sobre reclamación de cantidade en concepto de indemnización de danos e prexuízos

O Auto é favorable aos intereses municipais, xa que admite a declinatoria formulada pola defensa do concello en base á falta de competencia obxectiva do Xulgado, ao tratarse dun feito comprendido dentro do ámbito da responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas. En consecuencia, decrétase o sobreseemento e arquivo do procedemento.

Contra o Auto citado cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitilo ao Departamento do parque móbil municipal para os efectos do seu coñecemento.

35. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00018861M.

Dar conta do Auto recaído no Procedemento Abreviado 375/2021 CA1.

Dase conta da Resolución: Auto 9/2023, do 24.01.2023, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. Procedemento: PA 375/2021

Obxecto: Inactividade do Concello na tramitación e resolución da reclamación con data do 18.03.2021, sobre inclusión de predios no proxecto de expropiación 08176 do PE de protección do Parque Arqueolóxico da Rocha (PE-7R), e subsidiariamente, impugnación indirecta do devandito Plan Especial.

A resolución é favorable ao declarar a desistencia do recurso contencioso administrativo a instancia da parte demandante.

O auto declarouse firme mediante dilixencia de ordenación de data 29.03.2023 ao non terse recorrido por ningunha das partes.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Urbanismo (expropiacións) para o seu coñecemento.

36. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00009919Q.

Dar conta do Decreto de desistimento recaído no Procedemento Abreviado núm. 58/2022 CA2.

Dase conta da Resolución: Decreto do 14 de marzo do 2023

Procedemento: PA 58/2022 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2

Obxecto: Reclamación por traballos de categoría superior.

O Xulgado ten por desistido ao recorrente e declara rematado o procedemento.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de persoal para os efectos do seu coñecemento.

37. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00019692P.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 14 ao 20 de abril de 2023.